

Martes 15, Agosto 2017 | [Cultura](#)

'Memorajoj de kampara knabo': 'Memorias dun neno labrego', tamén en esperanto



Miguel Pardo | [@depunteirolo](#)

Memorajoj de kampara knabo. Memorias dun neno labrego. **A obra máis lida da literatura galega xa ten a súa versión en esperanto.** O filólogo vigués [Suso Moinhos](#) vén de publicala no pasado mes de xullo da man da editorial Mondial, con sede en Nova York e a máis importante desta lingua universal e internacional.

O profesor, poeta e falante de esperanto desde os 16 anos cumpre así coa promesa que el mesmo lle fixera a Xosé Neira Vilas, [falecido hai case dous anos](#). Agora, a obra dedicada "a todos os nenos que falan galego" e con máis de trinta edicións na nosa lingua contará cunha versión máis e neste idioma internacional para engadir á morea de falas nas que foi publicada, desde o español, portugués, alemán, catalán, éuscaro, asturiano ou inglés.

Desde hai anos, Moinhos é redactor da revista en esperanto *Beletra Almanako*, onde propuxoe publicar algo de literatura galega. Decidiu comezar co capítulo sobre Pachín, o can de Balbino. "Púxenme en contacto con Neira Vilas e **accedeu encantado, tanto que me dixo se podería traducir o resto do libro. E así comezou a cousa**", conta o autor a Praza.gal. Estudou os mellores tradutores nesa lingua e comezou cun longo traballo durante o cal -case ao final- faleceu o autor de *Memorias dun neno labrego*. Antes, o profesor vigués prometéralle que acabaría a tradución. "Díxenlle que confiara en min, que así o faría e creo que creu nas miñas palabras", insiste.

A de Neira Vilas é a segunda obra da literatura galega que é publicada en esperanto logo de que o fose *Retrincos (Viveroj)*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Nesta publicación, prologada pola profesora da Universidade de Vigo Praza emprega cookies só para analizar as visitas; non se garda información persoal

Iolanda Galanes, inclúense fotografías cedidas pola Fundación do autor de Vila de Cruces ou os debuxos orixinais de Isacc Díaz Pardo.

A obra sae agora do prelo logo de ser presentada en Galicia durante o congreso internacional [As visibilidades da tradución](#) celebrado na Universidade de Vigo e na que interveu o propio tradutor, Suso Moinhos, que desde o ano 2015 forma parte do equipo de redactores da devandita revista literaria *Beletra Almanako* e dirixe o módulo de literatura do curso en liña RITE para profesores de esperanto, idioma desenvolvido a finais da década de 1870 e a comezos da década de 1880 polo oftalmólogo xudeu Zamenhof, que publicou o primeiro libro en 1887, data de referencia para este idioma.

A versión de *Memorias dun neno labrego* en esperanto pode ser adquirida en papel a través de diferentes plataformas web como [Amazon](#), así como en Google Play para o formato electrónico. Ademais, as librarías poden mercalo a través das principais distribuidoras e está dispoñible nas diferentes asociacións de esperanto en diferentes países do mundo.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Martes 5, Xaneiro 2016 | [Cultura](#)

[55 anos de 'Memorias dun neno labrego'](#)

Venres 27, Novembro 2015 | [Cultura](#) |

[Xosé Neira Vilas: a memoria dos “ninguén”](#)